

23

Taxa por recollida,
tratamento e eliminación de
lixo e residuos urbanos.



**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN
DE LIXO E RESIDUOS URBANOS**

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e os artigos 20 e 57 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do mesmo texto legal polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por recollida, tratamento e eliminación de lixo e residuos urbanos.

**ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBEL.**

1.— Constitúe o feito impoñible da Taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida e tratamento do lixo domiciliario e residuos sólidos urbáns de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

2.— A tal efecto, considéranse lixo domiciliario e residuos sólidos urbáns os restos e desperdicios de alimentación ou detritos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas e se exclúen de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritos humanos, materiais e materiais contaminados, perigosos ou cuia recollida ou vertido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO.

1.— Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 de Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo de recollida, transporte e tratamento de lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos.

Dita ocupación ou utilización entenderase realizada sempre, xa sexa a título de propietario, ou de usufrutuario, habitacionista, arrendatario, ou incluso en precario.

2.— Terá a consideración de suxeito pasivo sustituto do contribuínte e obrigado ó pago da taxa o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas os usuarios de aquelas, beneficiarios do servizo.

ARTIGO 4. RESPONSABLES.

1.— Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas a que se refiren os artigos 41, 42 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

2.— Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5. BENEFICIOS FISCAIS.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de Lei ou deriven de Tratados ou Acordos Internacionais.

ARTIGO 6. COTA TRIBUTARIA.

As tarifas polo servizo de recollida de lixo son:

1º.— Vivendas: 82,58 €

2º.— Establecementos de Restauración:

2.1) Bares, tabernas e furanchos.

Ata 50 m² 99,00 €

De 50 a 100 m² 197,98 €

De 100 a 200 m² 395,78 €

De mais de 200 m² 593,78 €

2.2) Cafeterías, cafés, cervexerías e similares.

Ata 100 m² 395,78 €

De 100 a 200 m² 593,78 €

De mais de 200 m² 715,50 €

De categoría especial 989,55 €

**2.3) Restaurantes.****a) Restaurantes con cafetería anexa:**

Ata 100 m ²	593,78 €
De 100 a 200 m ²	989,55 €
De mais de 200 m ²	1.385,33 €

b) Restaurantes sen cafetería anexa:

Ata 100 m ²	494,78 €
De 100 a 200 m ²	715,50 €
De mais de 200 m ²	1.187,55 €

3ª.—Aloxamentos:**3.1) Pensións, Fondas e Hostais e Moteis:**

Mínimo	99,00 €
Mais por cada praza	9,90 €

3.2) Hoteis:**3.2.1) Hoteis sen restaurante comedor e/ou cafetería.**

Mínimo	197,78 €
Mais por cada praza	19,80 €

3.2.2) Hoteis con restaurante comedor e/ou cafetería.

A tarifa correspondente será a resultante da suma dos seguintes conceptos:

a) Mínimo 297,00 €

A mais por praza	19,80 €
------------------	---------

b) Superficie de locais de restauración:

Ata 100 m ²	494,78 €
De 100 a 200 m ²	989,55 €
De mais de 200 m ²	1.750,73 €

4ª.—Establecementos de alimentación, bebidas.

Supermercados, tendas de alimentación, bebidas e almacéns o por maior de alimentación:

De 1 a 50 m ²	197,78 €
De 50 a 100 m ²	297,00 €
De 100 a 200 m ²	692,78 €
De 200 a 400 m ²	989,55 €
De 400 a 1.000 m ²	1.385,33 €
De mais de 1.000 m ²	1.979,10 €

5ª.—Comercio minorista

Ata 50 m ²	221,63 €
De 50 a 100 m ²	297,00 €
De 100 a 200 m ²	494,78 €
De mais de 200 m ²	692,78 €

6ª.—Talleres de reparación de vehículos, estacións de servizo e similares.

Ata 50 m ²	197,78 €
De 50 a 100 m ²	297,00 €
De 100 a 200 m ²	494,78 €
De 200 a 400 m ²	692,78 €



De mais de 400 m² 802,13 €

7^a.— Bancos, entidades financeiras, aseguradoras, oficinas, ensino e similares.

Ata 25 m² 99,68 €

De 25 a 50 m² 197,55 €

De 50 a 100 m² 395,78 €

De 100 a 200 m² 593,78 €

De mais de 200 m² 989,55 €

8^a.— Fábricas, talleres e almacéns.

Ata 50 m² 148,50 €

De 50 a 100 m² 297,00 €

De 100 a 200 m² 494,78 €

De 200 a 300 m² 592,65 €

De 300 a 400 m² 692,78 €

De 400 a 1.000 m² 791,78 €

De mais de 1.000 m² 989,55 €

9^a.— Clínicas e farmacias.

Ata 100 m² 395,78 €

De 100 a 200 m² 593,78 €

Centros de mais de 20 camas e menos de 50 camas: 1.165,50 €

Hospitais de mais de 50 camas 1.979,10 €

10^a.— Profesionais liberais.

Ata 25 m² 99,00 €

De 25 a 50 m² 197,78 €

De 50 a 100 m² 297,00 €

Se non teñen oficina ou local quedan exentos de pagar esta taxa.

11^a.— Establecementos de espectáculos.

Cines 989,55 €

Salas de festas e discotecas 1.385,33 €

Salóns recreativos 1.385,33 €

Outros:

Mínimo 494,78 €

Mais por praza ou aforo 9,90 €

- a) Establecementos e demais comercio ou similar que por necesidade do servizo excedan nos seus depósitos de 800 litros: por cada contenedor a maiores que precisen aplicarase a tarifa que corresponda, cunha redución do 50%.

O Concello, de oficio ou a petición do usuario, colocará os contenedores a maiores precisos nas condicións económicas anteriores.

- b) Naqueles establecementos onde se desenvolvan varias actividades enmarcadas dentro de distintos epígrafes do I.A.E., a tarifa de lixo que devenguen será a resultante de:

- 100% da tarifa correspondente á actividade que devengue a taxa mais elevada.
- 50% da tarifa para aquela que lle corresponda a segunda taxa mais alta.
- 25% da terceira actividade e restantes.

**ARTIGO 7. CRITERIOS XENÉRICOS DE CAPACIDADE ECONÓMICA.**

1. Terán dereito a unha bonificación do 50% no importe das tarifas do artigo 6 da presente ordenanza:

- a) Pensionistas dos sistemas contributivo e non contributivo, cando a renda per cápita da unidade familiar non exceda do 75% do salario mínimo interprofesional. Os ingresos referiranse ós do ano inmediatamente anterior.

Esta bonificación será concedida polo Concello, previa petición do interesado acompañada dos seguintes documentos:

- Fotocopia compulsada da última declaración do Imposto sobre a renda das persoas físicas, ou certificación negativa expedida pola Delegación Especial da A.E.A.T., referida ás persoas maiores de idade que residan no mesmo domicilio que o solicitante.
- Fotocopia do último recibo da taxa de recollida, tratamento e eliminación de lixo e residuos sólidos urbanos en que figure o solicitante da bonificación como suxeito pasivo.
- Certificado do Negociado de Estatística do Concello referido ás persoas que convivan no mesmo domicilio.
- Certificado de pensionista.

- b) Familias monoparentais cando a renda per cápita non exceda do 75% do salario mínimo interprofesional. Os ingresos referiranse ós do ano inmediatamente anterior.

Esta bonificación será concedida polo Concello, previa petición do interesado acompañada dos seguintes documentos:

- Fotocopia compulsada da última declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, ou certificación negativa expedida pola Delegación Especial da A.E.A.T., referida as persoas maiores de idade que residan no mesmo domicilio que o solicitante, ou documento bancario acreditativo da pensión que percibe. Si dentro da unidade familiar se produce mais dun ingreso, deberase aporta-la documentación anterior referida a todos e cada un dos preceptores.
- Fotocopia do último recibo da taxa de recollida, tratamento e eliminación de lixo e residuos sólidos urbanos en que figura o solicitante da bonificación como suxeito pasivo.
- Certificado do Negociado de Estatística do Concello referido as persoas que convivan no mesmo domicilio.
- Fotocopia compulsada do Libro de Familia.

- c) Familias numerosas cando a renda per cápita non exceda do 75% do salario mínimo interprofesional.

Os ingresos referiranse ós do ano inmediatamente anterior.

- Fotocopia compulsada da última declaración do Imposto sobre a renda das persoas físicas, ou certificación negativa expedida pola Delegación Especial da A.E.A.T., referida as persoas maiores de idade que residan no mesmo domicilio que o solicitante.
- Fotocopia do último recibo da taxa de recollida, tratamento e eliminación de lixo e residuos sólidos urbanos en que figura o solicitante da bonificación como suxeito pasivo.
- Certificado do Negociado de Estatística do Concello referido as persoas que convivan no mesmo domicilio.
- Fotocopia compulsada do Título de Familia Numerosa.

2. Entenderase por unidade familiar tódolos membros da unidade de convivencia.

3. O goce dunha das bonificacións do art. 7.1 será incompatible co de outras, caso de que o suxeito pasivo estiver incurso, simultaneamente en mais de un dos supostos anteriores.

**ARTIGO 8. PERÍODO IMPOSITIVO.**

1. O período impositivo coincidirá co ano natural.
2. O devengo da taxa, e a obrigaçión de contribuír, nace dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciado cando estea establecido e en funcionamento o servizo de recollida, tratamento e eliminación de lixo e residuos sólidos urbáns.
3. As cotas cobraranse, preferentemente, dentro do ano natural ó que se referirá a exacción, e as cotas serán irredutibles, salvo que proceda o rateo nos casos de alta/baixa no Padrón da taxa.
4. Nos casos de alta ou baixa, ratearase por trimestres naturais.

ARTIGO 9º. DECLARACIÓN E LIQUIDACIÓN.

1. A taxa liquidarase cando se presente a solicitude de alta no Padrón correspondente.
2. Si se utiliza o servizo sen mediar solicitude se dará de alta de oficio no Padrón, liquidarase e notificarase a mesma ós interesados sen prexuízo de apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.
3. Unha vez producida a alta no correspondente Padrón a liquidación desta Taxa acomodarse ó procedemento previsto para os valores recibo (Padrón, censo, matrícula, etc.)

ARTIGO 10º. INGRESO.

1. As cotas desta Taxa liquidaranse e esixíranse no momento de presenta-la correspondente solicitude polos períodos non declarados, producíndose a alta no correspondente Padrón.
2. Unha vez producida a alta, a Taxa exaccionarase por Padrón esixíndose o importe da mesma no prazo que se sinale, ou ben no que determine o Alcalde-Presidente ou a Comisión de Goberno, nos prazos previstos no artigo 20 do R.X. de Recadación ou no que sinale a Alcaldía-Presidencia.

ARTIGO 11. INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

Nesta materia estarase ó disposto no artigo 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza foi aprobada inicialmente polo Pleno na sesión ordinaria celebrada o día 28 de marzo de 2012, entrando en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ate a súa modificación ou ate a derogación expresa da mesma.